

PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Paraixal

Versión 1.0, xuño 2022

Índice

1. Introducción	
Datos do centro	2
Contextualización	2
Xustificación	3
Elaboración	3
2. Situación de partida	
Infraestrutura	3
Equipamento	4
Servizos dixitais	4
Fontes empregadas para a análise DAFO	5
Análise DAFO	7
3. Plan de Acción	
Obxectivos, indicadores e accións	8
Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	10
4. Avaliación do Plan Dixital	11
5. Difusión do Plan Dixital	11

1 Introducción

Datos do centro

Enderezo: Rúa do colexio Paraixal N°17

Código do Centro: 36010678

Teléfono: 886120233/32/31

Páxina Web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipparaixal

O CEIP Plurilingüe Paraixal está ubicado na parroquia de Teis na cidade de Vigo. É un centro onde actualmente funcionan dúas unidades de Infantil e catro de Primaria.

O centro ten 47 alumn@s e 7 mestras, a maiores temos os especialistas de PT, AL, Orientación e Relixión compartidos con outros centros.

Das 7 mestras do centro 6 son definitivas co que contamos cunha boa base para poder facer proxectos a longo prazo, ao non haber moita mobilidade de profesorado no centro.

Ao ser un centro con pouco alumnado o presuposto anual é escaso non podendo levar a cabo moitas melloras necesarias no centro, entre elas as relacionadas coas novas tecnoloxías.

Contextualización

O centro atópase nun barrio cun nivel socioeconómico e cultural medio na maioría das familias.

Na contorna contamos con vivendas unifamiliares e vivendas en edificios.

En xeral as familias interésanse pola educación dos seus fillos/fillas.

A colaboración coa ANPA e entidades da contorna é moi estreita.

A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda e se forme como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

A competencia Tic tanto do profesorado como do alumnado incrementouse dende a pandemia pola necesidade de adaptarse a novas situacións de ensinanza-aprendizaxe.

Practicamente a totalidade do alumnado conta con dispositivos tecnolóxicos así como de acceso a Internet nos seus fogares.

No Centro lévanse a cabo actividades Steam e búscase ir introducindo ao alumnado pouco a pouco no pensamento computacional.

Co proxecto Edixgal o terceiro ciclo, este próximo curso, terá á súa disposición portátiles para

poder traballar dixitalmente os contidos do currículo.

Dentro do plan Tic de centro lévanse a cabo actividades de programación de robótica.

O Plan Dixital contribuirá a que moitas actividades e obxectivos da PXA poidan ser levados a cabo, se conseguimos ter o equipamento e a conexión á rede necesaria.

Xustificación

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, tanto no artigo Art 111 bis, no 121 e no 132.

Así mesmo tamén veñen regulados nos seguintes documentos:

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Elaboración

O Plan Dixital comezouse a desenvolver polo equipo de dinamización do Plan Dixital que formou un grupo de traballo dentro dun PFPP, onde se levou a cabo o informe SELFIE, logo pasáronse os datos a unha táboa para sacar a información do DAFO e dende aí se valoraron as debilidades e fortalezas do centro en tema dixital para elixir os obxectivos que formarán parte do Plan de acción dentro do plan Dixital de centro.

2 Situación de partida

Infraestrutura

A nosa conectividade é moi deficiente, e non temos WiFi en todo o centro. Levamos dende outubro esperando a que AMTEGA nos solucione esta situación pero a solicitude non da chegado a porto. O equipamento informático do centro é moi obsoleto e os mini portátiles de Abalar van moi lentos ou están estragados.

Equipamento

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
Biblioteca	1 1	2		1	1	6 Robots
Infantil 3-4a	1	2		1	1	
Infantil 5a	1			1	1	
1º-2º EP		1		1	1	
3º-4º EP	1			1	1	
5º EP		1		1	1	5 Abalar
6º EP		1		1	1	5 Abalar
Orientación	1					
Música						
Inglés		1		1	1	
Plástica						
Relixión/AL	1					
PT	1					
Sala Profesorado	2					
Secretaría	1					
Dirección	1					
Búnker		1 7				4 Abalar
Informática	7 6		2			
TOTAL						

Lenda:

Verde: estado bo.

Amarelo: estado bo pero ten máis de 10 anos ou con desperfectos ou lentitude de resposta.

Vermello: obsoleto, desuso, non funciona...

Servizos dixitais educativos

O centro conta cos seguintes servizos dixitais educativos:

A comunicación coas familias faise mediante o **correo** corporativo @edu.xunta.gal.

Temos **blogs** onde imos subindo actividades realizadas na escola.

Mantemos constante información sobre o centro e sobre as actividades do centro nas **RRSS**.


Temos activa a **Aula Virtual** do centro, onde subimos tarefas para o alumnado.

O **portal Web** do centro educativo está actualizado coas informacións máis relevantes para as familias así como datos e documentación do centro.

Servizo de **videoconferencia** mediante Webex.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do Informe SELFIE:



Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	3	4	75%
Interino	2	2	100%
Provisional	2	3	66,7%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	79	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 79,0 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	85,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	84,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Na etapa de Inf.:

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 85,3 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	3	42,9%
Integrador/a (B1)	1	14,3%
Experto/a (B2)	3	42,9%
TOTAL	7	100,1 %

Dos 7 docentes do seu centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 3 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 42,9%.
- 1 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 14,3%.

Análise DAFO

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Comunicación continua a través do correo electrónico	1. Insuficientes dotación de <u>equipamento tecnolóxico</u> 2. Insuficientes <u>achegas económicas</u> 3. Temporalización deficiente para a integración de <u>metodoloxías innovadoras</u> 4. Carga burocrática desproporcionada en detrimento da <u>calidade educativa</u> 5. Oferta insuficiente de cursos de <u>calidade</u> de actualización <u>dixital</u>
	LEXISLACIÓN	1. Actualización en canto <u>ao</u> marco europeo	1. Mala <u>execución</u> da implementación da <u>lexislación europea</u> 2. <u>Moita</u> teoría e pouca práctica 3. Falta de reflexión na <u>introdución</u> de métodos e recursos
	ANPA	1. Boa disposición para ofertar cursos 2. Participación das familias	1. <u>Baixo</u> número de familias no centro
	CONTORNA	1. Boa localización por <u>pertencer</u> a unha cidade grande	1. Excesivo número de centros educativos na <u>cidade</u>
	OUTRAS ENTIDADES		1. Falta de financiación externa

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	1. Buena ratio de dispositivos por alumno	1. <u>Funcionamento</u> deficiente dos dispositivos 2. Ancho de banda <u>insuficiente</u> para o correcto <u>desenvolvemento</u> das clases 3. Non están actualizados o <u>equipamento</u> e as redes 4. Asistencia técnica insuficiente 5. Equipos desfasados
PERSONAL DOCENTE	1. Tempo que se <u>adica</u> á reflexión sobre as Tics 2. Busca de recursos para repaso dos <u>contidos</u> , aloxados na Aula Virtual 3. Creación de recursos para o <u>afianzamento</u> dos contidos 4. Difusión de <u>proxecto</u> educativo do centro a través das redes <u>sociais</u> .	1. Falta de formación sobre <u>aprendizaxe mixta</u> 2. Insuficiente formación en <u>metodoloxías dixitais</u> 3. Falta de tempo para explorar as novas modalidades de <u>ensino</u> .
PERSONAL NON DOCENTE	1. <u>Coñecementos</u> informáticos para actualizar os sistemas operativos dos disposit 2. Boa disposición para creación de <u>materiais dixitais</u> en inglés.	1. Falta de oferta en formación <u>dixital</u>
ALUMNADO	1. Implicación do alumnado 2. Motivación intrínseca en actividades relacionadas coas Tics 3. Uso de programa de edición de <u>Scribus</u> para a realización de <u>Xornal</u> 4. <u>Aprendizaxe</u> da programación de robots por bloques	1. Insuficiente practica no uso da <u>metodoloxía Steam</u> 2. Competencia para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos <u>dixitais</u> 3. <u>Diversidade</u> na competencia <u>dixital</u>
FAMILIAS	1. Uso positivo do correo electrónico como <u>canle</u> do centro	1. Acceso insuficiente <u>á</u> Aula Virtual do centro
OFERTA	1. Implementación <u>dun</u> entorno <u>Steam</u> 2. Iniciación <u>á</u> Robótica	1. <u>Adicación</u> <u>dun</u> tempo estipulado para actividades <u>Steam</u>
ORGANIZACIÓN DE CENTRO	1. Boa <u>disposición</u> do profesorado para facer uso das novas <u>tecnoloxías</u> 2. Interese do profesorado na actualización <u>dixital</u>	1. Falta <u>dun</u> tempo establecido para a coordinación no ámbito Tics

3 Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

1.

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamento (C)							
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar o equipamento dotando de material informático ao segundo e tercer ciclo de ed. primaria					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos de aula en función do número de alumnado						
Valor de partida (3)	20%						
Valor previsto e data (4)	75%				30/10/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Valorar o equipamento informático actual	Dirección	30/09/22	Reunión de claustro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Comunicación coa administración e solicitude de material	Dirección	05/09/2022	Acta de reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

2.

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamento (C)							
2. OBXECTIVO (1):	Aumentar o alcance e a velocidade da rede en todo o centro					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de espazos de traballo						
Valor de partida (3)	3 espazos con boa conectividade						
Valor previsto e data (4)	11 espazos con boa conectividade				30/06/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Determinar os espazos onde non hai boa conectividade	Coordinadora TIC	30/09/22	Dispositivo portátil		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Solicitar a Amtega a conexión a Internet en todo o centro	Dirección	05/09/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional contínuo (D)							
3. OBXECTIVO (1):	Promover accións formativas entre o profesorado dirixidas a mellorar a competencia dixital					Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Asistencia ás propostas achegadas dende a Consellería						
Valor de partida (3)	1 curso de formación						
Valor previsto e data (4)	3 cursos de formación antes de rematar o curso 2022/23				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Solicitar plan de formación de profesorado adaptado ás nosas necesidades	Claustro	30/10/2022	Ordenador e acceso a Internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Participar en cursos ofertados pola Consellería	Claustro	30/05/2023	Ordenador e acceso a Internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Participar en cursos ofertados por entidades externas	Claustro	30/05/2023	Ordenador e acceso a Internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4.

"Área/s de mellora": Pedagogía: Apoios e recursos (E)							
4. OBXECTIVO (1):	Impulsar o uso da aula virtual do centro por parte do alumnado do segundo e terceiro ciclo					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado						
Valor de partida (3)	1 actividade por trimestre co alumnado						
Valor previsto e data (4)	3 actividades por trimestre co alumnado				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO4.1: Matricular ao alumnado e profesorado na AV	Coordinador Tic	30/09/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Crear contrasinal para alumnado do centro	Dirección	30/09/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Traballar co alumnado as actividades creadas	Profesorado da materia	30/06/2023	Actividades publicadas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

5.

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F)						
5. OBXECTIVO (1):	Integrar actividades STEAM na práctica docente na etapa de EI e EP				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades levadas a cabo					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	3 actividades durante o curso 2022-23			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Iniciar dende infantil o pensamento computacional	Profesorado que imparte en infantil	30/06/2023	Material <u>funxible</u> , placas electrónicas, robots, etc.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.1: levar a cabo actividades dentro dun entorno STEAM en todas as aulas	Claustro	30/06/2023	Material <u>funxible</u> , placas electrónicas, robots, etc.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Crear unha actividade común relacionada co proxecto anual de centro adaptada a cada etapa educativa	Claustro	30/06/2023	Material <u>funxible</u> , placas electrónicas, robots, etc.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	<i>Dotación</i>	<i>Necesidade</i>	<i>Finalidade</i>
Infraestrutura	Bo cableado de Internet e tomas WiFi	Non hai WiFi nun 80% do centro	Uso de portátiles en todo o centro
Equipamento	Portátiles Abalar	Obsoletos, a maioría vai moi lento ou están rotos	Que o alumnado teña acceso a internet
	Portátil ou PC en cada aula 2 ordenadores na sala de profesorado Equipos de xestión e administración	Son moi vellos, con contínuas reparacións Ordenadores obsoletos Van moi lentos	Acceso a Internet dende cada aula Levar a cabo as tarefas docentes Traballo eficiente e rápido
	Aula de informática	Actualización de todos os equipos	Poder facer uso da Aula de informática para proxectos
Servizos Dixitais	Mensaxería instantánea entre a comunidade educativa	Ter unha comunicación máis eficiente	Economía do tempo

4 Avaliación do plan

A avaliación do proceso do Plan Dixital farase unha vez ao trimestre, en relación coa consecución dos obxectivos que nos marcamos, tendo en conta os resultados obtidos e os prazos previstos. De ser o caso valoraranse as posibles modificacións así como as propostas de mellora.

O informe final formará parte da memoria anual de centro onde se valorará despois do curso o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5 Difusión do plan

O Plan Dixital terá cabida co resto dos documentos de centro na secretaría do mesmo, estando dispoñible a toda a comunidade educativa.